




VIII ~~encontro~~ DESEMBARCACIÓNNS TRADICIONAIS

14/15 agosto
2004 **BUEU**



A NOSA HISTORIA

Do ano 1997 ó 1999, a asociación "As Lagoas" xunto co Concello de Bueu viñan organizando varios encontros de embarcacións tradicionais na vila, recuperando o bote polbeiro que leva o nome "as lagoas".

Este tipo de embarcación, chamada polos mariñeiros da ría "Os Galos" pola arrogancia coa que surcaban as augas, adicábase case exclusivamente á pesca do polbo.



Tralos cambios no sector pesqueiro, no litoral galego escasean este tipo de barcos, convertíndose en pezas de museo ou leña da fogueira de San Xoán, exceptuando algunas dornas e gamelas, estando a punto de desaparecer outras como o bote polbeiro e o xeiteiro.

Por estas datas, un veciño de Pescadoira, Víctor Domínguez, faise cargo do bote polbeiro e navega con el, invitando a quien quixera compartir a súa paixón polos barcos e o entorno mariño. Con esta mesma inquedanza atópanse Fran Freire, o noso secretario, Antón País, o presidente, que xa traballara na organización de outros encontros, Fernando, Lolo, Paco e Marta coa dorna "A Martola", e algúns máis.

O encontro de embarcacións en Rianxo no 99, motivou a este grupo de amigos a toma-la iniciativa de facer algo para que non se perderan as embarcacións de sempre, a tradición dun pobo mariñeiro. Con esta idea na cabeza e ganas de traballar, contactan coa asociación de Portonovo e coa Federación Galega pola Cultura Marítima, rexistrándose a Asociación de Embarcacións Tradicionais Galegas "Os Galos" de Bueu cos obxectivos da promoción, difusión e posta en valor do patrimonio marítimo.

Na actualidade a asociación conta con 174 asociados, encargándose un grupo moi reducido do mantemento e recuperación dos barcos. Gracias a eles e con algunas axudas da administración e empresas colaboradoras, a asociación ven facendo unha interesante labor na revalorización da cultura marítima tradicional, contando cun total de dez embarcacións, dispoñibles para navegar:

Restaurante

Ramón

Churrasquería

Playa de agrelo
Telf. 986 321 371

Bueu
(Pontevedra)

A de Pedro



- Vinos
- Bocatas
- Platos Combinados

TEL. 986 30 02 47 - CANGAS


o bote polbeiro "As Lagoas", o xeiteiro "Os Galos", a traíñeira "Pescadoira", a dorna "Banda do Rio", tres gamelas e una dorna pequena; e ten en proxecto recuperar outras que están na cetárea ou na carpintería de Purro á espera de volver a reflotar, é o caso do choupán (gamelia de 2 proas), o delfín (un polbeiro con motor), dornas pequenas, gracias a xenerosidade dos particulares que dun xeito desinteresado nos cederon as suas vellas embarcacións para recuperarlas e formar parte do patrimonio común da asociación. Para conseguilo é importante contar co apoio dos socios, algúns axuda económica e principalmente puntos de amarre, sendo actualmente a nosa reivindicación máis urxente a necesidade de atraques para as embarcacións.

Os vindeiros días 14 e 15 de agosto as augas de Bueu acollerán a distintas embarcacións tradicionais a vela e a remo, coa celebración do VIII encontro, convertíndose nunha festa da cultura e patrimonio marítimo, estando invitadas tódalas embarcacións da Federación Galega e particulares que se acheguen, por mar ou terra, a Bueu.

Os que participaron en edicións anteriores, tiveron a oportunidade de disfrutar, contemplar ou navegar en dornas, botes polbeiros, xeiteiros, galeóns, gamelas e outras que viñeron dende O Grove, Combarro, Coruxo, Illa de Arousa, Marín, País Vasco, Portugal, A Bretaña,

...

A Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos" queren animar ós veciños da comarca a participar neste VIII encontro e disfrutar desta riqueza cultural tan nosa e tan descoñecida. Da que xa dou conta na súa obra o veciño Steffan Mörling, colaborador da asociación, a quem dende estas páxinas brindámosslle o noso recoñecemento.



MADERAS FREIRE S.L.



ASERRADERO Y MADERAS EN GENERAL

c/ Montero Ríos, 26 Tel. 32 00 66
BUEU Ptlar. 32 03 70

RESTAURANTE - BAR



BAR CELTA

VIÑOS E TAPAS
ESPECIALIDADE: PULPO E PEIXES

Alfredo Saralegui, 28 - CANGAS DO MORRAZO
Tfno. 986 30 00 88

AS EMBARCACIONES TRADICIONAIS E A SÚA REVITALIZACIÓN

Un ano máis o encontro de embarcacións tradicionais se celebrará na nosa vila, Bueu. Esta ocasión será a oitava dende que se fixera a primeira convocatoria no 1996. Con este motivo parécenos oportuno escribir unhas curtas reflexións sobre o tema que apuntamos no título: as embarcacións tradicionais e a súa revitalización.

Xa se pode dicir que neste tempo transcorreron varios eventos e iniciativas que coa perspectiva do tempo paga a pena tomalas en consideración. O balance é positivo en conxunto.

Hoxe existe un renovado interese polas embarcacións tradicionais, o máis alto que se coñece dende que este colectivo comenzou a andar, a navegar para ser más exactos. Pois diso se trata, revalorizar unha parte do noso patrimonio marítimo poñéndoal no medio que lles é propicio: o mar.

Ben é certo que este esforzo non é o único que guía a nosa asociación "os galos", entregada na posta en valor da cultura marítima tradicional. Pero si que é un obxectivo que se vai afianzando e fructificando con logros moi notables. A chave de todo iso está nesa expresión "a posta en valor, tantas veces ouvida e poucas veces sustanciada. Agora ben ¿qué significa isto? sen entrar en disquisicións tecnicistas que non é o momento nin o lugar, a frase significa algo tan obvio como dar un novo valor ó que non o ten.

Efectivamente, ata hai non moi tempo as embarcacións tradicionais e por extensión outros elementos do patrimonio marítimo, non tiñan ese valor patrimonial que hoxe lles estamos dando. Esquecidas, abandoadas, vilipendiadas, e destruídas, todo semellaba actuar cara unha absoleuncia e acelerada desaparición física. A propia situación evolutiva das actividades marítimas, actuaba nese sentido. Basta comprobar como nos portos coma o noso, cada vez máis, aparecían embarcacións feitas noutros materiais e tendentes a unha meirande uniformización. En suma perdíanse sen remedio. Por iso algúns de nós reaccionamos, organizámonos, traballamos, e seguimos traballando.

O resultado é o de preto de dez embarcacións adquiridas, das cales cinco están operativas a vela. Un esforzo titánico si se considera a crónica falta de recursos financeiros e a escaseza de medios humanos cós que contamos. Unha cousa aprendimos de todo isto, non estamos sós neste esforzo. Moita xente nos axudou e alentou en proseguir singladuras, deles recibimos apoio varias veces, e non só moral; para eles o noso agradecemento. A cousa chegou a ser algo máis que un pasatempo benintencionado.

Cervecería - Cafetería
Arco da Lúa
Bocatería - Crosantería
c/ Félix Ozamiz nº 13
(Zona Forte)

expert 
TV - VIDEO - HIFI - ELECTRODOMÉSTICOS

 **comercial aviles**

Plaza Arco, 5 - Telf.: 986 30 13 36 CANGAS (Pontevedra)

Chegados a este punto, e cando compre abordar novos horizontes, non esquenzamos que os problemas e ameazas seguen presentes, por iso defendemos nos mesmos unha concepción patrimonial activa. Non basta recoller e conservar. Hai que revitalizar as embarcacións principalmente. Así é como un pode cabalmente comprender e apreciarlas no seu xusto valor. Mantelas en activo do mesmo xeito que se exercita a memoria: para que funcionen. Isto é o que nos coloca na vanguarda da posta en valor dun elemento patrimonial.

O exemplo da acción realizada na Bretaña é para nos un exemplo da actuación que queremos para Galicia. Non convertilas en pezas de museo desfasado con concepcións de posta en valor anticuados. Non algo para ver tan só, fetichizado e do estilo daquilo que nos dician na escola "vese pero non se toca". Non, o que queremos é sentir o vento na vela, ver como a embarcación se desliza entre as ondas, aprender dos vellos mariñeiros como vivian e traballaban nelas. Ese é o noso obxectivo: transmitir esa herdanza. Por iso somos en certo sentido un museo flotante interactivo. Porque patrimonio non é só aquilo que está encerrado nas catro paredes duna sala de museo.

Tamén o somos nos e con diferencia estamos marcando o camiño a outras valorizaciones de embarcacións feitas polas institucións. Por iso sinalar o noso papel de vanguarda. Unha vez máis a sociedade civil toma a iniciativa e supera as institucións oficiais que actúan nesta liña. E con menos medios, menos prestixio oficializado, seguiremos neste propósito e insistiremos con teima nesta concepción: posta en valor activa non pasiva, participación e non contemplación só.



Vinoteca



» Delicatessen » Catering » Tapería

Montero Ríos, 173
e-mail: acepa@bueuocio.com

986 32 00 09
www.bueuocio.com


JUAN VILLAR

PELUQUEROS

Ramal dos Galos, 9 telf. 986 32 43 74 BUEU

FESTA- BOTADURA DA DORNA "BANDA DO RIO"

Ó son da banda de gaitas "Manxadoira", o domingo día 27 de xuño, na Praia de Beluso, a asociación "Os Galos" estaba de festa. Celebraba a botadura dunha nova embarcación recuperada, a dorna xeiteira "Banda do Río". Esta embarcación de 5 metros de eslora por dous de manga, foi rehabilitada na súa totalidade por membros da asociación que no seu tempo libre buscaron e prepararon a madeira, fixeron os remos, o mastro, as panas, a tapa da quilla; rascando e tratando a madeira ata recuperala embarcación.



Con motivo desta botadura a asociación fixo entrega dos premios ós gañadores do Concurso Escolar "Un traballo por un paseo" convocado no mes de maio, sendo os gañadores de bacharelato os traballos : "Refraneiro Buenense", realizado por Esperanza Álvarez, Andrea Herbello, Ana Costas e Manuel Alejandro Comedeiro, e "Nécoras" de Sheila Lobería, María Canosa, Sandra López e Lino Gallego. Na categoría de educación primaria, foron premiados os traballos de Cristian Bamio García, que fixo unha maqueta dunha dorna en pasta de papel e o de Sandra Smyth Novoa, autora do traballo que publicamos nesta revista sobre a dorna.

Para todos eles a nosa noraboa e o noso agradecemento.



CAFETERÍA



PYRAMIS

C/ CASTELAO


BUEU

**ESTANCO
OCAÑA**



**SELLADO DE APUESTAS
DEPORTIVAS Y PRIMITIVA**

C/ Pablo Iglesias, 11 - Telf.: 986 30 50 42
CANGAS



Teño unha dorna fermosa,
pequenina e tan lixeira,
que dá xenio cando ven
ateigada de vieira.

Eu só quero
que ti me deixes
cunchas para repinicar
e que nos días de festa
saian todos a bailar.

Miñas cunchas, miñas cunchas,
de cor anacorado,
soade ben para que chegue
o meu amor de contado.


Mariñeiro que na dorna
vas o marisco buscar,
pidelle a Virxe que te salve
de algúns perigo do mar.

Bar

a t u ↗ r u x o

BUEU

O FURRUGIÓ



INTRODUCCIÓN

O termo dorna ten varias acepcións. Concretamente nas rías de Viveiro e Ortigueira, coñécese como dorna aquela embarcación de fondo plano, empregada para o transporte de area, acepción que tende a desaparecer, para ser sustituida por embarcacións e opcións máis axeitadas para os tempos modernos. Tamén se chámá dorna a embarcación construída de troncos ocos separados paralelamente e unidos con táboas, que leva persoas e mercancías dunha a outra banda dos ríos Miño, Avia e Sil. Pero a súa principal acepción fai referencia a unha embarcación de madeira de características moi concretas empregada para a pesca, fundamentalmente nas Rías Baixas.



ORIXE E EVOLUCIÓN.

A orixe da dorna é relativamente incerta, pero atendendo ós traballos de destacados investigadores, relacionan a súa aparición en Galicia con algunha das invasións normandas sufridas entre os séculos XIV e XV.

Así, por exemplo aparece documentalmente no século XVIII un tipo de barco (bleckingsekan), que pode que existise xa antes, con popa diferente á proa e case igual á da dorna. Como ésta, emprégase nos lugares rocosos e a subida a bordo de persoas efectúase sempre pola popa, que parece adaptar la súa forma ós entrantes que doadamente se atopan naqueles lugares da costa, do mesmo xeito que ocorre en Galicia.

O único punto no que si parece haber unanimidade é na consideración do porto de Ribeira-Aguiño como o de foco inicial de promoción da dorna, que rapidamente se extendería a outros como son os de O Grove, Illa de Ons, Cambados ou Bueu, lugares onde a súa presencia foi e segue sendo más notable.

A dorna actual é unha evolución do chamado barco do río Miño, de orixe nórdico.

O barco do Miño é o que mellor conserva a súa construcción en doble proa, ainda que perdeu o seu lanzamento na popa para deixar sitio ó timón. Ten un fondo case plano adaptado ó medio en que navega sempre, o río.




A dorna ten unha caderna mestra máis picuda, de máis calado e máis propia para navegar no seu medio, o mar, así a súa estabilidade é maior. A dorna é tamén por esa causa, o único barco con varengas, que serve ademáis de apoio ó paneado do piso. As pequenas teñen unhas 12 ou 13 caderñas. Tivo unha modificación importante ó cortar a popa e adaptarle o timón, que non debeu ser anterior os séculos XIII ou XIV, sendo un timón tan perfecto que ademáis de servir de orza serve para mellorar estabilidade e deriva ó navegar a vela.



• ABORDAJE

PLAYA BELUSO, 22
36930 BUEU · PONTEVEDRA

Tel. 658 40 50 14



CONSTRUCCIÓN
Antón-Bueu

Pousada, 9 - Cela - 36939 BUEU (Pontevedra)
Móbil: 615 396 021
Tel/fax: 986 323 513

PARTES DUNHA DORNA

A dorna está feita en madeira de piñeiro e de carballo e ten as seguintes características:

- CUBERTA: está formada por dous corredores de proa a popa que deixan un espazo interior dividido por tres bancos e a cadeira..
 - a)Corredores: son planos de táboas que protexen o oco da dorna contra a entrada da auga no caso de escora moi forte.
 - b)Banco de traste: ten unha fagonadura cadrada para o pau, a coz do cal descansa nun dos tres ocos na tablilla triangular colocada entre os madeiros 1 e 3, chamados picas.
 - c)Banco de bogar: ten a altura aumentada cun asento de igual grosor. Polo lado de babor hay unha caixa , ás veces con porta de corredeira, montada por debaixo do banco de bogar, é a chileira, para o pan.
 - d)Banco da escota: banco estreito que serve para agantar ésta na navegación a vela
 - e)Cadeira: espazo para garda-la pesca. En tempos pasados, este compartimento era ó "cofo", máis ancho e más baixo, colocado xunto ó banco da escota pero foi sustituido por constituir unha molestia para as manobras e o manexo da embarcación.
- CASCO: ancho (moita manga) que permite o traballo cos máis variados aparellos.
 - CAVERNAS: prolongacións de madeira cravadas á cara da proa dun madeiro integrándose a remadoira de proa.
 - TOLETES: fanse firmes os remos, ademáis das liñas, cando se vai ó polvo.
 - QUILLA: de sencilla sección rectangular vertical; fai a dorna moi estable e apta para navegar a vela e a remo.
 - TIMÓN: non fai tanto de orza (ten a quilla moi pronunciada), senón de codaste de quita e pon.
 - REMOS: construídos en piñeiro, con guiños grosos e reforzados con cachos de madeira para protexelos do mordisco do estrobo; as palas son finas, encorvadas cara á popa.



Pazos Fontenla, 51
Telf 986 390 002 Telf-fax 986 322 067
e-mail: eblanco@cnoo.es

36930 BUEU
Pontevedra

ÓPTICOS OPTOMETRISTAS

E_B
EUGENIO BLANCO

ÓPTICOS OPTOMETRISTAS
TERAPIA VISUAL


e-mail: ebopticos@cnoo.es

Telf 986 32 08 67

Eduardo Vicenti, 6 · 36930 BUEU

PARTES DUNHA DORNA

Partes dunha dorna: 1. Rabeira; 2. Femia do timón; 3. Fura da corda do timón; 4. Estampa da popa; 5. Cinta; 6. Táboa de cubrir; 7. Timón; 8. Invornal; 9. Imo; 10. Remadoira do meo; 11. Caverna do meo; 12. Remadoira damura do meo; 13. Caverna damura do meo; 14. Chilera; 15. Espaldrón; 16. Proa; 17. Fura do traste; 18. Banco de traste; 19. Banco do meo; 20. Panel do meo; 21. Panel do couso; 22. Aparella; 23. (Superior) Cadeira; 23. (Inferior) Banco do cofiño; 24. Remadoira damura do couso; 25. Caverna damura do couso; 26. Remadoira do meo do couso; 27. Caverna do meo do couso; 28. Remadoira do couso; 29. Cavernón; 30. Corredor; 31. Vainilla do corredor; 32. Roda; 33. (No borde da quilla), Bitoque; 34. Quilla; 35. Barrote; 36. Tilla (pequena); 37. Galle; 38. Ichama; 39. Cofiño; 40. Pana da popa; 41. Taco da popa; 42. Táboa da voltura; 43. Táboa primeira do plan; 44. Táboa segunda do plan; 45. Táboa de virar.



Tomado de "Hombres y dornas"
de Ricardo Mora (Vigo 1965)

Café Bar

BURAQUIÑO
ALDÁN



CARNICERÍA
J. Antonio Nieto Moreira
Encarna Iglesias Cádiz

Compra y venta de ganado
ternera / cordero / cerdo

Tfno. Casa: 986 323 495
Tfno. Carnicería 986 322 463
Tfno. Móvil: 619 294 135

Beluso -BUEU
Pontevedra

TIPOS DE DORNAS

Dorna polbeira.

É na actualidade a más coñecida e ainda hoxe faise algunha. Ten unha eslora total de 4 ou 5 metros , unha manga de 1,50 a 1,80 e un puntal de 0,60 metros .

Xeralmente son abertos, con bancos e un viveiro , segun se adiquen á pesca do polbo ou de cordel . Ten un corredor e emprega vela ó tercio.

A particularidade dos viveiros é que lles entra auga do exterior pero son estancos. No centro ponse un pouco de area para conservar mellor os bolos vivos da pesca de cordel .


Dorna tramalleira e xeiteira.

Estas son dornas maiores , duns 7 metros por 2,25 de manga e 0,85 de puntal. Ten unha cuberta na proa chamada tilla, que sobrepasa a cara de popa do pao.

A dorna tramalleira ten viveiro para o peixe dos trasmallos ou cordel , e a xeiteira non o ten , por necesitar espacío para o aparello do xeito. É a única diferencia que existe entre elas.

Dorna de tope.

É de moderna construción e o banceado é a tope. A distribución é a mesma que as anteriores . A estas xa empezan a poñerelles un pequeno motor. Practicamente xa deixaron de facelas.



Casa Quintela
Restaurante

Eduardo Vicenti, 24 - BUEU (Pontevedra)
986 320 010

**TALLERES
DAVISAN S.L.**

SERVICIO OFICIAL CITROËN

Tel. 986 323 155
Fax 986 324 418

Pousada, 15
Cela.- BUEU

NAVEGACIÓN EN DORNA

As características da forma da dorna confírenlle a esta unhas magníficas condicións de navegación, tanto a boga como a vela.

Unha vez na auga, o mariñeiro impulsa a súa dorna mar adentro cos remos. Os remos da dorna constan de dous corpos, guión e pala, que os fan especialmente longos para a boga no mar picado.


Cos remos cruzados, a man dereita move o remo da arca e a esquerda o de couse, logrando un equilibrio tal que os remos son susceptibles de ser manexados con unha soa man cando o oficio así o require, como podería ser nos momentos de subi-la pesca ou na captura de centolas co mirafondos.

Por outra banda, en distancias curtas e dornas pequenas, é normal que a boga sexa ó revés, ou sexa, mirando a proa e traballando contra o tolete.

De tódolos modos, o sistema de propulsión máis común nas dornas é o vento, sobre todo nas grandes.

O timón fai non só de instrumento de governo da embarcación, senón que contribúe a súa estabilidade cando está en movemento, e funciona ademais como orza. Este sistema é propio da maioría das embarcacións de vela en Galicia.

A verga da vela é de piñeiro, construída dun tronco ó que se lle machaca a corteza, de modo que a resina penetre na madeira e contribúa así a súa curación.



MONTERO RÍOS
CANGAS

Leña
Verde
BUEU

HIMNO DORNEIRO

O vintecastro de xullo
Chejou a chea a ribeira
Enchendo ruas e prazas
Sube a marea dorneira
Bota o risón compañoiro
Que a dorna está aparellada
E se non cheja cun cabo
Fondea coa poutada

FORSA Á DORNA, VENTO EN POPA
CON JALERNA OU EN CALMADA
QUE NON SE SABE NO MUNDO
DOUTRA FESTA MÁIS RACHADA
FORSA ÁS PEÑAS DORNEIRAS
A MELLOR TRIPULASIÓN
ESPARANDO AS PAÑOLETAS (*)
AO RITMO DO ACORDEÓN

Xa neste lanse, dorneiros
Comensen as cantareas
Imos jana-lo quiñón
De troula nas fanequeiras
E se o mar ponse bravo
Larjaremos na mar brava
As nosas embarcasións
Feitas todas á machada

FORSA Á DORNA....
FORSA ÁS PEÑAS DORNEIRAS ...

Para que dijan que non somos
Bos pescadores de liña
Ata tomámoslos muxos
Cando non sobra sardiña
Pois os dorneiros nasimos
Todos moi espabilados
Ata para ser patróns
Ó tribunal sobornamos

FORSA Á DORNA
FORSA ÁS PEÑAS

Ainda con marea podre
Non perdemo-la alegría
Imonos toma-lo lonche
Fasendo jran romería
E si janamos un peso
A xojalo ó chinchimonei
Que o campionato mundial
Eche de moito renome

FORSA Á DORNA ...
FORSA ÁS PEÑAS ...

Todos postos ó axexo
Moito despoxos da lusada
Imos bourea-lo secreto
Por tódalas beiradas
ique a dorna é a festa,
De todas a más sonada!
ialí onde hai un dorneiro
Hai esmorxa asejurada!

FORSA Á DORNA
FORSA ÁS PEÑAS DORNEIRAS

MIRANDA
O teu comercio en Bueu

Pazos Fontenla, 35
Tel. 986 32 05 04



Eduardo Vincenti, 4
Tfno. 986 322 897

Dicionario

Como consecuencia das múltiples, variadas, diversas e variopintas queixas recibidas polo Alto e Jordo Estado Maior da Real e Ilustre Cofradía da Dorna, debido á nefasta calidade do noso departamento de dornalización linjúistica, vémonos na inaplazable obriga de emitir unha nova edición corregida e aumentada do noso primeiro veseler: "DICSIONARIO SECRETO".

- **iia!!:** Exclamación botada pola borda cando un dorneiro sorpéndese de si mesmo.
- **iibe!!:** Exclamación dunha ovella dorneira na mesma situación que iia!!.
- **iiabe!!:** Exclamación dos ladiadores dorneiros ó saudar antes de chimparses ás cristalinas ajuas do porto de Rivbeira. Denominación que resiben a máis rápida e mariñeira Embarcación Feita á Machada e Propulsada a Pan de Millo. Fanequeira das Parrochiñas da Ría.
- **Pojrama:** Libro de alto nivel intelectual no que se describen de xeito puntual, conciso e preciso os actos a realizar durante a Festa da Dorna, nel se resumen os principios básicos da festa, así coma o seu final.
- **Local Sosial:** Fanequeira oficial dunha peña dorneira. Sufre un proceso de transformación físico-química durante a Festa da Dorna.
- **Fanequeira:** Local donde se sirven diferentes tipos de brebajes, a él acuden de xeito impenitente os peñeiros. Lugar donde botando a liña é moi posible pescar aljo.
- **Juarisnai:** Poción máxica dorneira de secretos ingredientes, lévase tomando nesta parte do planeta dende a época dos románs.
- **Chinfrós:** Juarisnai sen xeo.
- **Parrulo:** Ave acuática palmípeda co peteiro máis ancho na base ca na punta. Cázase na súa versión ecoloxista nos Xojos de Mar da Festa.
- **Patrón:** Persoa que comanda unha peña. Donde está el non manda mariñeiro. Para chejar a tal condición é ausulutamente necesario sobornar ó tribunal que o examina.
- **Pan:** Masa de fariña e ajua que fermentada e cosida no forno serve de alimento. Pan de millo: Pan feito con fariña milla, tomano os dorneiros para propulsar as Embarcacións Feitas á Machada. O que nos saca Jasan.



Rosalía de Castro, 10
Tel. 986 32 42 20
BUEU
CENTRO DE
REHABILITACIÓN ESTÉTICA

Pilar Vidal



PANADERÍA
A'BICHA

Horno de leña, especialidad en bollas, roscones y empanadas
Banda do Rio, 57 - Tel. 986 32 04 10
Despacho: Montero Ríos, 143 - BUEU

- Nejra: Vease Lista.
- Lista: Vease Nejra.
- Top Secret: E secreto, oculto, calado, reservado, apícase a unha cousa cun coñecemento gardado entre un reducido grupo de irreductibles dorneiros, con coidado que non transcendea ós demais peñeiros. Deixa de selo o día 24 de xullo.
- Enrólate: Anótate nunha peña, traballa e disfruta da Festa.
- Sinladura: Percorrido dunha nave nun día. En navexación domeira período de 23:59'59"
- Kleokleokleo: Chamada de celo do dorneiro anjustiado que fai de tesoureiro.
- Afinación: Sempre falta.
- Maratun: Competición ou traballo dorneiro de moita duración.
- Peña: Ajrupación de dorneiros, que xuntos pero non revolvidos se visten de xeito similar e disfrutan da Festa da Dorna rachando coa pana.
- Iñaki: Coleja de Benhur.
- Jasan: O que nos saca o pan.
- Colaborador: O que colabora, fai alio e non molesta moito ós outros que traballan.
- Cansión Itinerante: Composición para cantar ou musicar, que vai dun sitio a outro, normalmente tascas.
- Publísidade: Despois dela ven o importante.
- 09:37: Uso horario.
- Flor Natural: Trébol vermello e verde que nace, medra, reproducése e morre tódolos 24 de xullo en Rivbeira.
- Soborno: Obsequio material, pecuniario, culinario, vitivinícola, licoreira,... que se lle ofrece ós membro do tribunal dorneiro suplicando clemensia no examén ó que se teñen que someter os futuros patróns dorneiros.
- Fojete: Os que se botan antes de comenzala festa e ó seu remate (quen poda).
- Chinchimonei: Xojo universal consistente en sacar 0, 1, 2 ou 3 moedas e acertar as que teñen os outros, contando cas túas. Chinos.

Dado na Ponte de Mando polo Alto e Jordo Estado Maior.
Visto e Prace: O Comodoro.

RESTAURANTE **ESTRELLA**

Especialidad en:

Rodaballo guisado y almejas a la marinera

Bogabante con arroz

"Una delicia para los más entendidos."

Xoán Carballeira, 6 - 986 32 06 75 - BUEU



Telfs. 986 32 04 14 • 986 32 26 08

Cela Torre - BUEU

Pontevedra

REFRANERO POPULAR

"Berra o mar en Lapamán
vento sur pola mañán"

"Néboa en Cela
vento na vela"

"Ventos das illas de Ons
malos son"

"Nubes baixas de Udra ata a Digna
mal tempo axiña"

"O mar non ten portas"

"Na terra e no mar
afogase o que non sabe nadar"

"No seo do mar cabemos todos"

"O que non se arrisca non pasa o mar"

"Gaivotas na terra
sube o bote a ribeira"

"Año de ameixas
año de queixas"

"Berberechiños da costa do mar
o que vos queira que vos vaía a apañar"

"O comer percebes mira o que bebes"

"A langosta e o cazón en maio están en sazón"



CLUBE DO MAR BUEU

INVERNAJE Y GUARDERÍA
MOTORES Y BARCOS

ASTIXANO

Reparaciones en:
poliéster - pintado - mecánica
Mercado de ocasión y nuevos
Electrónica - transportes



POLIGONO INDUSTRIAL CASTIÑEIRAS, 100 TFNO/FAX. 986 324 061

Unha viaxe pola INDIA

Todo comeza o 20 de outubro de 2003 cando nos diriximos ó aeroporto de Compostela para colle-lo avión cara Delhi. Chegamos derreados despois dunhas nove horas de avión. De Delhi partimos directamente ó Rajastán. Nesta zona principalmente desértica pasamos uns días alucinando coa beleza de moitas das paisaxes que alí vimos. Encantounos un pobo chamado Puskar onde todo era moi sagrado e prohibido (comer calquera tipo de animal, beber alcohol, fumar tabaco e demás familia...) pero estas prohibicións compensábanse coas paisaxes do impresionante lago que inunda á cidade coas súas augas limpas e cristalinas.

De Puskar partimos a Varanasi, sen dúbida a cidade sagrada máis coñecida e visitada por peregrinos de todo o mundo.

Nesta cidade é sinxelo moverse xa que o Ganges atravesaa dunha punta a outra e isto fai que non te perdas xa que ó atopalo xa te sitúas.

Ó redor do río vas topando escaleiras inmensas de pedra (ghats) onde a xente reza, medita , da masaxes, lavan a roupa etc.



Foto nº 2



Avenida de Marín, 12 Bajo
36930 BUEU Pontevedra

Artes Gráficas
Baroga s.l.

Diseño Gráfico
Imprenta
Impresión Digital
Serigrafía
Tampografía
Rotulación
Termoimpresión

Tlf./Fax 986 322 399

PANADEIROS ARTESÁNS DESDE 1914



Pazos Fontenla, 32 Bajo - Tfno. 986 322 429
Valado, 1 - Tfno. 986 320 153




Foto nº 3

Nesta cidade especialmente a morte percíbese como algo bó, e todos pensan que se morres nestas augas a túa alma irá a unha vida moito mellor. Por iso os ricos queiman os seus corpos e os botan á auga e os pobres téñense que conformar con que o seu cadáver sexa arrastrado sen más polo río adiante.

Cando te paras a observa-la cidade con tranquilidade dende algúna das terrazas dos ghats non podes crer a cantidade de cousas que ves ó mesmo tempo: mortos flotando no río, peixes, golfinhos, loros, búhos, monos, iguanas e milleiros de persoas lavándose e facendo as súas ofrendas ó Ganges.

As embarcacións máis utilizadas no río son de madeira normalmente con capacidade aproximada de entre 10 e 15 persoas feitas a man por carpinteiros e artesáns. Podedes ver un exemplo na foto nº1. Estas embarcacións normalmente utilizanse para transportar turistas polo día e como casiñas ambulantes para os hindúes polas noites.



TRISKELE



*Restaurante
Veiriña do Mar*

Especialidad. COCIÑA GALEGA

Playa de Loureiro 11
tfno 986 322 327

BUEU




Foto nº 1

mariñeiro "Pentacota"
Era moi fermoso ver
como tódalas mañás os
homes ían pescar nas
súas embarcación
tradicionalis e como as
mulleres os recollían na
area para vende-lo
peixe e ás veces
cocíñalo. Nos mesmos
puidemos disfrutar
desta experiencia
nunha chabola.

O mar era moi bravo
pero estes mariñeiros
tiñan un arte especial

Na foto nº 2 tamén á orilla do Ganges
podedes ver unha familia lavando a roupa e
ós rapaces e rapazas.

O noso seguinte e último destino foi cara á
costa, concretamente no estado de Orissa,
Puri, unha cidade bañada polo golfo de
Bengala.

Os primeiros días fomos ó interior a visitar
a fermosa escola fundada por un gruñío de
 persoas galegas de Vigo, Cangas etc... coa
nosa colega Neneta. Foi todo un pracer
poder coñecer a eses 250 nenos e nenas
que gracias a esta xente tan solidaria
poden ser escolarizados.

O resto da nosa viaxe adicámolo a
descansar en Puri, nun pequeno hoteliño
na beira do mar e pegadiño ó pobo

para domiñalo.

Tódalas embarcación eran de madeira e
algunhas delas estaban compostas por
dúas pezas de madeira (como pode
observarse na foto nº 3) que se xuntaban
mediante cordas para saír ó mar , e cando
voltaban se separaban para secar ó sol.
Todo o proceso executábase a diario.

Así que isto é todo, e gústanos compartilo
con todos vós e especialmente con eses e
esas amiguiñas e amiguiños das
embarcacións tradicionalis. As tradicións
non teñen que ter fronterías.

Ata sempre.

Vosos compañeiros e compañeiras!!



Unha viaxe pola INDIA II

Nesta foto podemos ver a dous homes traballando nun artiluxio dun barco. Po-las dificultades do idioma non pudemos comunicarnos con eles, pero pudemos ver as súas artes de pesca e as diversas embarcacións.



Este outro modelo de barco, como podemos ver, segue mantendo esa liña tradicional. Son elaborados con moita dedicación, de xeito artesanal. Fannos pensar nas orixes da navegación.

Outra embarcación que tamén pudemos observar no seu litoral, e que semella un pouco máis ás nosas.



LA GRAÑA
Telf. 986 321 118

Despacho
Montero Ríos, 101 Tel. 986 323 120
Montero Ríos, 67 Telf. 986 322 894



As redes que utilizan fannas entre todos.
Cando saen a pescar, dous homes por barco,
levan as redes nunha especie de salabardo, a
1 milla largan o aparello facendo festa
mentras esperan que malle o peixe.



Pescan: gamba, cangrexo, bonito, entre outras variedades.

Resulta unha estampa impresionante ver praias inmensas, cheas de barcos e de xente comprando e vendendo o peixe.

Polo que puidemos entender, estaban a chegar barcos de poliéster, con redes más grandes que según eles acabarían coa riqueza do mar do cal todos comían, eles loitarían por manter o xeito tradicional de pesca para non esquilmar ó mar.
Estas e máis cousas puidemos descubrir na nosa viaxe á India. Desexamos que as fotos vos digan máis que as nosas palabras.



 Cervecería
Pizzería

O FAROL

Montero Ríos, 207 986 32 19 21 BUEU

Restaurante “O Chouzo”
Terraza al aire libre


Tfno 986 32 12 26
c/ Banda del Río, 59 Bueu-Pontevedra

Si ambas luces de un vapor
por la proa has avistado
has de caer a estribor
dejando ver tu encarnado.

Si da verde con la verde,
encarnado con su igual
entonces nada se pierde
siga rumbo cada cual.

Si acaso sobre babor
la verde se deja ver
avante, ojo avizor
débese el otro mover.

Está siempre vigilante
y ten presente además
si hay peligro por delante
modera, para, o da atrás.



Zappa
BANDA DO RÍO
Bueu

AS DE GUIA II
Disco - Bar

1^a TRAVESÍA DO ATLÁNTICO EN DORNA: PROXECTO "IRMANDIÑA"

GESTACIÓN DE LA AVENTURA




¿Podríamos atravesar el Atlántico en una dorna? Se preguntó un día un grupo de amigos pertenecientes a la Asociación de Amigos da Dorna Meca.

Con este interrogante, que suponía un reto y una llamada a la aventura, comenzaba este proyecto.

La mayoría de los presentes ya sabían, por haberlo atravesado a vela, lo grande que es el océano, y todos ellos, navegantes de dorna, las limitaciones de estas embarcaciones de pesca costera.

Se comenzó a estudiar la viabilidad del proyecto en sus aspectos técnicos y se llegó a la conclusión de que habría que construir una nueva dorna, dentro de las medidas y características de la gama conocida de dornas, que no desvirtuase en absoluto la autenticidad de estas peculiares embarcaciones, y con los materiales tradicionales.

Decididamente no se trataba de construir un velero que supusiese un "simulacro de dorna".



OBJETIVOS DE LA TRAVESÍA

La "Asociación de Amigos de la Dorna Meca" tiene entre sus objetivos divulgar el interés por las embarcaciones populares gallegas y la exaltación de la dorna, que, por su sencillez y economía, ha sido asequible al modesto pescador de bajura gallego desde hace muchos siglos.

Relacionado con este proyecto también puede considerarse la evocación a los sistemas de navegación de la época de los descubrimientos y la divulgación de aspectos poco conocidos de la historia marítima de Galicia, tal como la importancia de los puertos gallegos en el desarrollo del comercio marítimo, su importancia como centros de intercambio cultural, la importancia pesquera y la creación de toda una industria derivada de la misma, y sobre todo, el sacar a la luz a un buen número de insignes marinos gallegos que por razones inexplicables se han mantenido en el olvido.

Por otra parte, el desarrollo de una travesía atlántica en la embarcación y las condiciones expuestas, servirá para conmemorar las gestas de los descubridores y establecer un vínculo entre comunidades.



COMO EN EL SIGLO XVII

Al reto inicial de atravesar el Atlántico en dorna se une otro como una forma de "complicar" más una aventura ya de por sí complicada: la travesía se realizará limitándose a los medios existentes en el siglo XVII.

La elección del siglo XVII se debe principalmente a que todavía no se habían inventado los instrumentos que permitían una navegación astronómica fiable (básicamente el cronómetro marino y el sextante de reflexión, inventos del siglo XVIII), con lo cual se complica enormemente el posicionamiento en la mar. Para su propulsión, la dorna va dotada de dos medios, el remo y la vela.

La alimentación y el vestuario también suponen una complicación al no poder utilizar sistemas de conservación ni tejidos actuales.

Cabe considerar que este aspecto convierte al proyecto en algo más que una travesía atlántica en un pequeño y primitivo velero, la privación de comodidades, instrumentos, limitación de dieta...etc, obligan a pensar en la extrema dureza de vida que los tripulantes deberán afrontar durante el periplo.

